



DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES "VALLE INCLÁN" PONTEVEDRA

PROGRAMACIÓN CURSO 2018-19

ÍNDICE:

páxina

1. Introducción	4
2. Contextualización.....	6
3. Contribución da materia de lingua estranxeira ao logro das competencias clave	8
4. Obxetivos, estándares de aprendizaxe , grao mínimo de consecución, temporización,competências claves, contidos sintáctico-discursivos, temporización das unidades,criterios de cualificación e instrumentos de avaliación	13
4.1. Réxime adultos.	13
5. Procedementos de avaliación	
5.1.Tipos de avaliacións: Inicial, formativa e final.....	15
6. Instrumentos de avaliación: probas e exames. Libros de lectura.....	16
7. Criterios de cualificación.....	20
8. Mínimos esixibles	24
9. Probas de Setembro	29
10. Protocolo de actuación no caso de que un alumno sexa sorprendido Copiando.....	29

11. Criterios de promoción.....	29
12. Plans de traballo para a superación das materias pendentes na ESO.....	30
13. Procedemento para a cualificación de materias pendentes na ESO	30
13.1. Temporización e contido das probas.....	31
14. Metodoloxía didáctica	32
14.1. Actividades de seguimento das materias pendentes na ESO.	
14.2. Actividades de seguimento no bacharelato.	
15. Medidas de atención a diversidade.....	33
16. Programación da educación en valores e elementos transversais	36
17. Acción de contribución ao proxecto lector.....	36
18. Acción de contribución ao plan TIC.....	37
19. Accións de contribución ao plan de convivencia.....	38
20. Materiais e recursos didácticos para a ESO.....	38
21. Materiais e recursos didácticos para Bacharelato.....	38
22. Actividades complementarias e extraescolares.....	39
23. Procedementos para avaliar a propia programación.....	40
24. Táboas dos indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	41

1. INTRODUCCIÓN.

Membros do Departamento.

Dona M^a Rosario García Benavides, Xefa de Departamento

Dona Josefa Sequeiros Loira

Dona Lourdes Villanueva Pastoriza

Dona Victoria Eugenia Soto Moreira

Don/a: Cristina Presas Vázquez.

Este curso volvemos a ter dous grupo con proxecto bilingüe de 2º de Música.

Así mesmo, contamos este curso cunha auxiliar de conversa, que nos anos pasados foinos de gran axuda tanto aos alumnos coma aos profesores.

GRUPOS Y DISTRIBUCIÓN DE HORAS

CURSO	DENOMINACIÓN	NÚMERO GRUPOS	HORAS GRUPO	TOTAL HORAS
1º ESO	INGLÉS	4	4	16
2º ESO	INGLÉS	4	4	16
3º ESO	INGLÉS	4	3	12
4º ESO	INGLÉS	4	3	12
1º BACH	INGLÉS	5	3	15
2º BACH	INGLÉS	5	3	15

1º BACH (ADULTOS)	INGLÉS	1	3	3
2º BACH (ADULTOS)	INGLÉS	1	3	3
SECCIÓN BILINGÜE MÚSICA		2	1	1
XEFATURA DEPARTAMENTO				3
TOTAL:				100

*Os grupos de 1º e 2º da ESO teñen unha hora lectiva extra que se utilizará na realización de Listenings e actividades de expresión oral. Contamos con unha auxiliar de conversa para estas horas extras que axudará ós profesores a realizar actividades oráis.

Para mellorar a coordinación das clases de conversación nestos dous niveis , solicitamos á Xefa de Estudos que habilite unha sesión no horario de dous profesores que imparten eses niveis para a coordinación das clases orais coa lectora. Este curso dámoslle máis valor porcentual a esta destreza e consideramos necesario que todos os grupos traballen do mesmo xeito e coa mesma intensidade.

Así mesmo efectuamos labores de coordinación y supervisión das SECCIÓNS BILINGÜES de Música en 2º ESO (2 grupos). Este curso a encargada de dita coordinación é dona Josefa Sequeiros Loira.

2. CONTEXTUALIZACIÓN:

O IES Valle Inclán é un centro situado na cidade de Pontevedra capital da provincia do mesmo nome. O alumnado do centro, fundamentalmente de clase media, é case enteramente da cidade, dato que vai condicionar a toma de algún tipo de medidas como

certas actividades de recuperación (que veremos máis adiante) aunque ultimamente vese incrementado o alumnado de procedencia extranxeira tanto sudamericano coma europeo ou asiático.

Na súa maioría o alumnado ten un nivel relativamente bó na materia aunque apreciáanse diferentes niveis de coñecemento dentro dun mesmo grupo, polo que a atención a diversidade é fundamental.

Centrándose na materia faremos unha análise xeral da importancia desta materia nos diferentes niveis tanto na ESO coma no Bacharelato.

A capacidade de comprensión e comunicación noutras linguas distintas da materna e o desenvolvemento das capacidades lingüísticas son factores esenciais á hora de alcanzar o obxectivo dun mellor aproveitamento do potencial humano de Europa. A libre circulación das persoas, os bens e os servizos é o motor para o desenvolvemento sustentable da Comunidade Europea. Por iso, unha das prioridades fundamentais para a Unión Europea é a mobilidade real dos seus cidadáns e das súas cidadás. Para favorecer a creación dun mercado de traballo verdadeiramente europeo, a Eurocámara instou os Estados membros a que promovan a difusión do multilingüismo mediante unha mellora das políticas de aprendizaxe dun maior número de idiomas e a que establezan as súas prioridades políticas consonte os obxectivos comúns fixados no marco da Estratexia de Lisboa. Saber idiomas é unha habilidade esencial que deben ter todas as persoas europeas para poder gozar das vantaxes do mercado interior europeo e ter opción aos mercados exteriores. Esta mobilidade refírese, non só ao cambio de rexión ou país, senón tamén á mobilidade laboral; é dicir, á frecuencia de cambio da actividade profesional.

Hoxe en día, alcanzar o éxito profesional é máis probable dominando idiomas, tendo un espírito emprendedor e aberto e experiencia internacional. Aprender outras linguas, coñecer culturas diferentes, desenvolver habilidades comunicativas e adquirir competencias para desenvolverse en ambientes internacionais son calidades

imprescindibles e de incalculable valor nun mundo en permanente modernización e internacionalización.

Por outra parte, a sociedade da información é susceptible de garantir un maior acceso á información e constitúe unha grande oportunidade de acceder á riqueza e á diversidade cultural e lingüística existente. Este acceso á información vese enriquecido polo coñecemento doutras linguas.

O noso sistema educativo debe contribuír a eliminar os obstáculos á mobilidade e actuar para proporcionar condicións para acadar o éxito profesional e oportunidades accesibles de mobilidade e información, xa sexa con fins educativos, profesionais ou doutro tipo.

Ademais, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á formación do alumnado desde unha perspectiva integral, pois favorece a adquisición de estratexias de aprendizaxe esenciais para continuar a aprender ao longo da vida; permítelle un mellor coñecemento de si e das outras persoas, intercambiar opinións sobre problemas que se comparten internacionalmente e consolidar valores sociais como o respecto cara a outras linguas e o interese por se comunicar coas persoas falantes delas, logrando un mellor achegamento a outras formas de vida e ampliando e diversificando o seu horizonte persoal e profesional.

En canto á súa configuración, o presente currículo está organizado seguindo as escalas de descritores dos niveis comúns de referencia que se presentan no Marco de referencia europeo. O seu desenvolvemento permitirá que o alumnado logre unha maior competencia en comunicación lingüística coa realización de distintas actividades da lingua que abranguen a comprensión, a expresión, a interacción e a mediación (en concreto, a interpretación). Por iso, os bloques 1 e 2 están constituídos polas actividades ou habilidades de escoitar, falar e conversar, e ler e escribir, respectivamente. O bloque 3, Coñecemento da lingua, aborda dous aspectos: por unha parte, o coñecemento lingüístico que se refire á competencia lingüística, considerada como o coñecemento dos recursos formais da lingua estranxeira de que se trate e a capacidade de utilizalos para articular e

formular mensaxes ben formadas e significativas. Pola outra, a reflexión sobre destrezas e procedementos, co fin de satisfacer as necesidades en cada contexto e completar con éxito a tarefa de comunicación. O último bloque de contidos, o bloque 4, establece contidos referidos a aspectos socio-culturais e consciencia intercultural. Preséntase neste bloque o coñecemento da sociedade e da cultura da comunidade ou comunidades en que se fala o idioma.

3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA EXTRANXEIRA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos acaden un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, xa que logo, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilita a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital

4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas arredor da súa achega a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

3.1. Comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- *O compoñente lingüístico* comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).

- *O compoñente pragmático-discursivo* contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa axeitada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

- *O compoñente socio-cultural* inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

- *O compoñente estratéxico* permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos

- *O compoñente persoal* que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

3.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade..

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que subministran un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns/ás responsábeis e respectuosos/as que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. ...

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

3.3 Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e se comunicar. Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o axeitado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos como técnicos.

3.4 Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal chega a desenvolverse a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

3.5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

3.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade pro-activa para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e para rematar, o sentido crítico e da responsabilidade.

3.7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica asemade manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades..

4. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA , CONTIDOS DIDÁCTICOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, TEMPORIZACIÓN, COMPETENCIAS, CONTIDOS BÁSICOS DISCURSIVOS, TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .

Consultar pdf adxunto

4.1. RÉXIME ADULTOS

(Programación 1º e 2º de Bacharelato – Réxime ordinario).

En canto a materiais, se resolve non contar co libro de lectura en 1 Bach . Os diversos niveis de coñecementos dentro dun mesmo grupo e a necesidade de adicar un tempo a repasar conceptos moi básicos para que ningún alumno quede descolgado do grupo, fai necesario adaptar os materiais para dar resposta ás necesidades individuais do alumnado. Por esa razón, os alumnos utilizarán material proporcionado polo profesor/a encargado da asignatura no réxime de adultos. Esta secuenciación estará suxeita a posibles cambios dependendo da dinámica de cada grupo

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. RÉXIME ADULTOS.

Tendo en conta o carácter especial deste réxime e considerando as dificultades e necesidades destes alumnos, o Departamento decide elaborar uns criterios de cualificación distintos aos dos alumnos do réxime diúrno.

CRITERIOS CUALIFICACIÓN DE 1º BACHARELATO ADULTOS.

Oral skills	Listening: 10%	O alumno deberá acadar un mínimo dun 30% en cada una da probas para que computen na nota final de cada avaliación
Reading comprehension	10%	
Writing	10%	
Use of English	Grammar: 40% Vocabulary: 20%	
Classwork, homework, participation...	10%	
TOTAL 100%		

2º BACHARELATO ADULTOS. 1ª e 2ª AVALIACIÓN.

Proba(s) tipo ABAU	50%
Use of English:	Grammar: 30% Vocabulary: 10%
Classwork, homework & participation	10%
TOTAL	100%

O alumno deberá acadar un mínimo dun 30% en cada unha das probas para que computen na nota final de cada avaliación

2º BACHARELATO ADULTOS: 3ª AVALIACIÓN

Proba(s) tipo ABAU	50%
Lectura libro obrigatorio	10 %
Use of English	Grammar and vocabulary. 30%
Classwork, homework & participation	10%
TOTAL	100%

5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN :

5.1. Tipos de avaliación

O aprendizaxe dunha lingua estranxeira, ha de ter un carácter continuo e de ampliación, sen esquecer o aprendido polo que aplicarase unha **AVALIACIÓN CONTINUA** que integre:

UNHA AVALIACIÓN INICIAL. Dada a diversidade dos alumnos é de vital importancia . O departamento tén preparado diferentes probas (tests de diagnóstico, probas escritas, orais, follas de autoavaliación para seguir o progreso de cada quen na lingua, o modo en qué aprendeu, a súa experiencia anterior etc). Estas probas están encamiñadas a avaliar os seus coñecementos e os diferentes estilos de aprendizaxe además de reflectir as súas actitudes cara a lingua inglesa. Unha lectura atenta de estas probas proporcionaralle aos profesores información esencial sobre os seus alumnos e fará que estes se sintan máis valorados no seu novo curso.

Tamén se debe avaliar o progreso dos alumnos/as nun período de tempo, é dicir, facer unha **AVALIACIÓN FORMATIVA**. Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta a pesar de non chegar ao aprobado, sentirase máis motivado a continuar traballando para tratar de conseguilo. Isto faise aínda máis patente nas clases heteroxéneas onde os alumnos/as de máis baixo nivel sempre obteñen notas baixas, especialmente se son constantemente comparados con alumnos/as máis avantaxados. Se a nota final inclúe un compoñente de progreso, será un factor especialmente motivador.

Os procedementos de avaliación formativa serán:

25. observación das tarefas,
26. a actitude en xeral,
27. o traballo en parellas e en grupos,

28. o caderno,
29. o progreso en *listening, speaking, reading e writing*.
30. Ademais os alumnos realizarán distintas probas obxectivas nas que se avaliarán as distintas destrezas.

AVALIACIÓN FINAL. Na terceira avaliación os alumnos terán que demostrar a consecución dos obxectivos marcados para o curso a través das distintas probas. Non obstante, terase en conta o progreso do alumno ao longo de todo curso. O compromiso do alumno coa materia, o traballo diario na aula e na casa, etc. ao longo do curso, avaliarase no apartado destinado a tal concepto co valor do 10% nos catro cursos de ESO. En bacharelato, teremos en conta a súa evolución ao redondear a nota final de curso.

6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Probas e Exames. Libros de lectura.

Entre os instrumentos de avaliación a empregar están:

- **Traballo escrito:** caderno de vocabulario e gramática, workbook (1º e 2º ESO), exercicios e tarefas encomendadas na clase e para a casa, probas escritas: cuestionarios, exames, probas do libro de lectura.
- **Produccións orais:** individuais ou en grupo, diálogos, entrevistas, postas en común sobre determinados temas e presentacións orais. (O uso de recursos tenolóxicos é de máxima importancia neste senso).
- **Traballos ou exercicios de comprensión lectora.**
- **Traballos ou exercicios de comprensión oral:** Gravacións en CDs, DVDs , vídeos, sons e fragmentos de películas auténticos ou adaptados.

Dous aspectos da comunicación humana son a expresión e a comprensión orais, polo que a *participación na clase* é esencial para unha aprendizaxe satisfactoria. **A participación do alumno será avaliada regularmente.**

Para unha clara comprensión do procedemento de avaliación, os alumnos terán a súa disposición a programación na páxina Web do Centro.

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN :

7.1-Avaliación do traballo na aula.1º,2º,3º e 4º ESO: . Este terá unha valoración de ata 10% da cualificación final da avaliación.

O alumno será avaliado negativamente neste 10% se acumula negativos nos seguintes 6 aspectos:

- a)-Non traer o material escolar: libro, cuaderno, workbook, etc.
- b)-Non seguir as explicacións do profesor, ou amosar falta de atención manifesta.
- c)-Non participar activamente nas actividades da clase: tomar apuntes, facer as tarefas da clase, atitude pasiva na aula...etc
- d)-Non levar os coñecementos da materia ao día, dado o carácter de avaliación continua da materia.
- e)-Non ler os libros de lectura.
- f)-Non entregar os traballos no prazo sinalado.

7.2.1 Avaliación libros de lectura. 1º,2º,3º, 4º ESO e 1º Bacharelato: O alumno leerá un libro por trimestre e a súa cualificación suporá ata un 20% da cualificación final da avaliación. Os alumnos realizarán una proba de comprensión “comprehension” e outra de produción “Writing”. Tamén se avaliará o manexo do vocabulario que aparece nos libros

de lectura. O alumno deberá acadar un mínimo de cualificación numérica de 3 para que este resultado sea engadido á cualificación final da avaliación correspondente.

7.2.2 Avaliación libros de lectura 2º Bacharelato: Os alumnos de 2º de Bacharelato leerán dous libros ao longo do curso de entre as lecturas adaptadas ao seu nivel. Si este fose un título orixinal, solo leerán un libro e fará un traballo antes do exame sobre o libro lido. A cualificación obtida nas probas correspondentes terase en conta na cualificación final do curso e suporá un 20% da mesma (10% cada una das probas). O alumno deberá acadar un mínimo de cualificación numérica de 3 en cada proba para que este resultado sea engadido á cualificación final da avaliación.

7.3.- Probas referidas ao manexo da lingua:

7.3.1. **En 1º , 2º,** O alumno realizará probas escritas ao longo do trimestre na que se avaliarán o manexo dos contidos gramaticales con un valor dun 30% e do vocabulario impartidos no mesmo con una porcentaxe de 10%

7.3.2. **En 3º e 4º ESO,** a proba de contidos gramaticales suporá un 30% da cualificación da avaliación, e o manexo do vocabulario un 20%.

7.3.3. **En 1º Bacharelato,** o manexo dos contidos gramaticales terán un valor dun 40%. E o manexo de vocabulario un 20% .

7.3.4 **Probas escritas: 2º Bacharelato** O alumno realizará as seguintes probas :

Unha proba de contidos gramaticais que suporá ata un 30% da nota das dúas primeiras avaliacións e ata un 20% da nota final da terceira avaliación.

Unha proba de manexo de vocabulario e expresións que suporá un 20% na 1ª e 2ª avaliación, e un 10% na 3ª avaliación

Un exame tipo Selectividade que incluíra un Listening como en dita proba. Esta proba suporá un 50% da cualificación final da avaliación.

7.4.- Probas orais.

7.4.1. **1º,2º.** O alumno realizará un mínimo dunha proba de comprensión oral por avaliación que suporá un 10% da cualificación final da mesma e unha proba de expresión oral que suporá un 20% da cualificación final . Tamén nestas dos probas o alumno deberá obter un mínimo dun 30% para que dita cualificación sexa engadida á nota final de cada avaliación.

7.4.2. **3º,4º ESO e 1º Bacharelato:** . O alumno realizará un mínimo dunha proba de comprensión oral por avaliación que suporá un 10% da cualificación final da mesma e unha proba de expresión oral que suporá un 10% da cualificación final . Tamén nestas dos probas o alumno deberá obter un mínimo dun 30% para que dita cualificación sexa engadida á nota final de cada avaliación.

7.4.3. **En 2º Bacharelato,** a produción oral non será cuantificada porcentualmente.

Para conseguir cualificación positiva nunha proba, o alumnado terá que contestar correctamente cando menos ao 50% dos exercicios propostos. Así mesmo deberá acadar una cualificación mínima de un 3 (sobre 10) en cada un deles para que computen na cualificación final da evaluación correspondente

Criterios cualificación 1º y 2º ESO. Total 10 puntos.

ORAL SKILLS	Listening (10%) 1 point Speaking (20%) 2 points	
READING SKILLS WRITING SKILLS: PRODUCTION	Lectura obligatoria	Comprehension: 10% 1 point Writing: 10% 1 point
USE OF ENGLISH	words and expressions in context: 10%. 1 point Structures: 30% 3 points	
CLASSWORK, PROJECTS, PARTICIPATION AND COOPERATION.	10% 1 point	

Importante: Para que a cualificación de unha proba compute para a nota final de cada avaliación, o alumno deberá obter un mínimo dun 3 sobre 10 (30%) en dita proba.

O alumno superará as avaliacion si na suma total das distintas probas acada un 5 (50%)

3º e 4º ESO. (Total 10 puntos)

ORAL SKILLS	Speaking: 10% 1 point Listening: 10% 1 point	
READING SKILLS WRITING SKILLS: PRODUCTION	Lectura obligatoria	Comprehension: 10% 1 point Writing: 10% 1 point
USE OF ENGLISH	Words and expressions in context (textbook and reading book): 20% 2 points Grammar: 30% 3 points	
CLASSWORK, PROJECTS,PARTICIPATION AND COOPERATION	10% 1 point	

Importante: Para que a cualificación de unha proba compute para a nota final de cada avaliación, o alumno deberá obter un mínimo dun 3 sobre 10 (30%) en dita proba.

O alumno superará as avaliacion si na suma total das distintas probas acada un 5 (50%)

1 º BACHARELATO. (Total: 10 puntos)

ORAL SKILLS	Speaking: 10% 1 point Listening: 10% 1 point
READING SKILLS WRITINGSKILLS:PRODUCTION	Libro lectura obligatoria Comprehension: 1 point Writing: 1 point
USE OF ENGLISH	Words and expressions in context : 20% 2 points Structures: 40% 4 points

Importante: Para que a cualificación de unha proba compute para a nota final de cada avaliación, o alumno deberá obter un mínimo dun 3 sobre 10 (30%) en dita proba.

O alumno superará as avaliacion si na suma total das distintas probas acada un 5 (50%)

2º BACHARELATO. (Total 10 puntos)

1ª e 2ª avaliacións:

PROBA/S TIPO ABAU	Texto e “listening”: 50%. 5 points
USE OF ENGLISH	Words and expressions in context: 20% 2 points Structures: 30% 3 points

2º Bacharelato. 3ª avaliación. (Total: 10 puntos)

PROBAS/S TIPO ABAU (Texto e “listening”)	50% 5 points
